



ACORDO ENTRE A EMPRESA GREEN AMBIENTAL SLU E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA URBANA DE ACEITE DE COCIÑA USADO NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ANTECEDENTES:

A xeración de aceites vexetais usados procedentes do uso doméstico representa unha problemática en canto á súa xestión e xustifica a adopción de sistemas de recollida selectiva de amplio alcance. Estes sistemas deberán facilitar a tarefa de reciclado dos usuarios, garantir a correcta xestión e posterior valorización do residuo.

A recollida diferenciada dos aceites vexetais usados (residuos urbanos con código Ier 200125, segundo a Orde MAM 304/2002) evita dúas formas de eliminación inadecuada dende o punto de vista ambiental, sexa mediante o vertido a rede de saneamento ou a mestura con outras fraccións de residuos.

A Lei nº 7/2022, do 8 de abril de "residuos e solos contaminados para unha economía circular" no seu artigo nº25 indica a obriga para as entidades locais de "establecer a recollida separada de aceites de cociña usados", entre outras fraccións de residuos de competencia local. Tamén na súa disposición adicional undécima relativa "os contratos en vigor das entidades locais" establece que: "as entidades locais adaptarán os contratos de prestación de servizos, concesión de obras, concesión de obras e servizos ou de outro tipo, para os servizos de recollida e tratamento de residuos de competencia local co obxecto de dar cumprimento as novas obrigas de recollida e tratamento establecidas pola lei ...".

A posta en marcha dun sistema de recollida selectiva para os aceites vexetais usados de orixe doméstica, é coherente coas disposicións legais e os plans e programas establecidos en materia de residuos a nivel local, autonómico e nacional.

Posto que o servizo de recollida de aceites de cociña usados é de interese xeral e, despois de estudar as diferentes posibilidades, decidese que o sistema que se vai empregar sexa a colocación de contedores urbanos de exterior específicos para o aceite vexetal usado. Os contedores serán do tipo "botella dentro", descartando outros sistemas de recollida e os contedores para aceite "a granel". Este sistema xa se ven desenvolvendo neste concello dende o ano 2009.

Por todo o anterior, o Concello de Vilagarcía de Arousa decide continuar co devandito servizo, así

REUNIDOS:

Dunha parte o Concello de Vilagarcía de Arousa con CIF: P3606000 B, e da outra a empresa "Green Ambiental, SLU" con enderezo na Estrada Lalín-Rodeiro km. 2,800, Lalín, Pontevedra, con CIF nº B 36209633, como xestor de residuos autorizado pola Xunta de Galicia nº sc-i-np-xrt-00036, e nº sc-i-np-xa-00009.

DECIDEN:

Realizar a recollida urbana de aceite de cociña usado no Concello de Vilagarcía de Arousa nos termos que a continuación se especifican:

- 1- A recollida de aceite de cociña usado efectuarase mediante contedores urbanos de exterior deseñados para tal uso (modelo all-in) que a empresa instalará en distintos puntos do concello.
 - nº puntos de recollida: 39
 - os contedores instalados para o servizo, serán propiedade de Green Ambiental, SLU
- 2- Será responsabilidade de "Green Ambiental, SLU" o baleirado e mantemento dos contedores urbanos así como o dos seus rotulos non publicitarios.



- 3- Será responsabilidade de "Green Ambiental, SLU", emendar calquera dano ou vertido que se ocasione nos contedores de recollida como consecuencia dos labores de baleirado e mantemento.
- 4- "Green Ambiental, SLU" entregaralle ao Concello documentos xustificativos da recollida e, periodicamente, emitirá certificados do seu labor para control e cálculo estatístico.
- 5- Será responsabilidade do concello velar polo bo uso dos contedores de recollida, así como a promoción do servizo entre os seus veciños e veciñas.
- 6- A empresa velará polo bo estado das vías e as instalacións municipais. Para tal fin, deberá poñer en coñecemento inmediato do Concello calquera incidencia que poida afectar á seguridade e ao seu correcto funcionamento. Non obstante, o Concello emendará os danos ocasionados por calquera causa distinta dos labores realizados pola empresa.
- 7- De forma gratuita e dentro do municipio, a empresa prestará o servizo de recollida de aceites de cociña usados en todos os locais de hostalaría, colectividades e industria que así o requiran. A recollida efectuarase con envases adecuados, que se entregan baleiros e limpos e se substitúen por outro recipiente de características iguais no momento da recollida. este servizo inclúe tamén a recollida no punto limpo do concello.
- 8- Ambas partes comprométense a respectar a exclusividade recíproca no servizo, de modo que:
 - 8.1 A empresa non fará contratos iguais ou semellantes ao presente con ningunha entidade ou persoa dentro do concello, acordando sempre os diferentes labores de recollida cos responsables que este designe.
 - 8.2 O concello non fará contratos para a recollida de aceites de cociña usados, iguais ou semellantes ao presente, con ningunha entidade ou persoa distinta de Green Ambiental SLU
- 9- As condicións económicas do presente contrato serán as seguintes:
servizo de recollida anual **gratuito**.
- 10- O incumprimento dos termos antes citados por parte do concello autoriza a empresa a retirada dos contedores e ao remate do servizo.
- 11- A duración do presente contrato será de 1 ano a partir da data da sinatura; e prorrogarase por prazos iguais agás que algunha das partes lle notifique o contrario á outra con tres meses de adianto ao vencemento

LOCALIZACIÓN DOS CONTEDORES:

1. Lugar de Castrogudín, saída cara ao Pousadoiro á esquerda, grupo de contedores do campo da feira. (42.602729,-8.723638).
2. Rúa 8 de Marzo, grupo ao lado da parada de bus. (42.59901,-8.74693).
3. Lugar de Trabanca Badiña, Camiño Real entre Dasilva e Xocas. (42.597937,-8.749938).
4. Lugar de A Torre, grupo de contedores na praza San Miguel, xunto á fonte. (42.600265,-8.755566).
5. Lugar de Guillán, rúa García Hermo, praza Santa María de Guillán. (42.609771,-8.755267).
6. Rúa San Xosé, grupo de contedores fronte a capela. (42.603656,-8.765054).
7. Lugar de Trabanca Sardiñeira, xunto ao grupo de vivendas sociais. ((42.611153,-8.769128)).
8. Camiño de Veiga de Lamas, grupo de contedores no cruce. (42.613261,-8.770951).
9. PO-548, lugar de Carril, miradoiro da Rosa, grupo de contedores pegado ao muro. ((42.619031,-8.774838)).
10. Lugar de Vilar, grupo de contedores xunto Casa Sindo. (42.632664,-8.750417).
11. Lugar de Pedroso, Bamio, grupo de contedores diante de A Ponderosa. (42.637092,-8.746224).
12. Parroquia de Bamio, Rúa Vilar, PO-192, nº 44-52, grupo de contedores fronte a bar Santos. (42.624645,-8.765044).
13. Lugar de Carril, fronte bar Castelara, grupo de contedores do parque. (42.614747,-8.777127).
14. Rúa Lucena 21-13, grupo de contedores fronte a centro "Dentalrey". (42.613389,-8.774920).
15. Avenida Rosalía de Castro 89, grupo de contedores, esquina norte Parque Praia Compostela. (42.607724, -8.767794).



16. Lugar de Vilaxoán, no parque Dona Concha, grupo de contedores fronte a praza de abastos. (42.588303,-8.788202).
17. Lugar de Sobradelo, grupo de contedores diante do "bar Rosaleda". (42.589588,-8.7805659).
18. Rúa Vilaboa 2-12, fronte a " peluquería Mar's. (42.588863, -8.775136).
19. Avenida de Cambados, diante do edificio da gaivota, aparcamento Día, grupo de contedores. (42.586774,-8.785472).
20. Rúa Sobreira 1, grupo de contedores da urbanización. (42.575836,-8.796694).
21. Rúa Veiga do mar 20, grupo de contedores ao lado do muro. (42.583636,-8.793685).
22. Lugar de Cornazo, na praza da igrexa, grupo de contedores. (42.578982,-8.758204).
23. Lugar de A Laxe, rúa da canteira, praza do Souto, xunto o centro sociocultural. (42.589267,-8.756624).
24. Lugar de Rubiáns, grupo de contedores do campo da festa. (42.577747,-8.739612).
25. Lugar de As Carolinas, entre o ambulatorio e o Lidl, grupo de contedores. (42.594208,-8.7578159).
26. Avenida López Ballesteros 6, grupo de contedores xunto a estación de autobuses. (42.598925, -8.762466).
27. Avenida Doctor Moreira Casal, grupo de contedores fronte o nº 18, ao lado da estación de tren. (42.601707, -8.763423).
28. Rúa Rosalía de Castro á altura do nº 28, grupo de contedores. (42.601898,-8.765346).
29. Praza da Constitución 17, grupo de contedores xunto o Gadis. (42.598820, -8.764992).
30. Praza Ravella, grupo de contedores no medio da praza, fronte a casa consistorial. (42.596661, -8.764222).
31. Avenida Rodrigo de Mendoza, á altura do nº 61, grupo de contedores. (42.593241,-8.759132).
32. Avenida Rodrigo de Mendoza, á altura do nº 8, diante de "Fexdega". (42.591861,-8.764691).
33. Rúa Alexandre Bóveda 3, grupo de contedores ao lado dos soterrados. (42.594139,-8.7677989).
34. Rúa Edelmiro Trillo, á altura do nº 17, no cruce coa rúa Cobián. (42.594492,-8.765360).
35. Avenida Agustín Romero 63, grupo de contedores ao lado do semáforo, fronte parque municipal de emergencias. (42.588402, -8.764717).
36. Rúa Doutor Tourón, fronte ao nº 35, grupo de contedores. (42.590414,-8.7681409).
37. Rúa Camilo José Cela, grupo de contedores xunto o aparcamento, fronte tabaco "La Siete". (42.589061,-8.772375).
38. Rúa Camilo José Cela, grupo de contedores fronte o nº 16. (42.587208, -8.771664).
39. Finca Pinar do Rei S/N, Monte Xiabre, punto limpo. (42.619429,-8.757742).

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

ASDO. E SELADO POR
GREEN AMBIENTAL, S.L.U.

ALCALE-PRESIDENTE
CONCELLO VILAGARCÍA

